

OLEÓN DORME ESTA NOITE

[Nobuhiro Suwa, 2017]

372

ESTREA EN NUMAX: 27.04.2018 | V.O.S.G. | TP

Le lion est mort ce soir (2017, 103')

Dirección: Nobuhiro Suwa

Elenco: Jean-Pierre Léaud, Pauline Etienne, Maud Wyler, Arthur Harari, Isabelle Weingarten, Noë Sampy, Jean-Louis Berard

Son: Floren Klockenbring, Emmanuel Croset

Montaxe: Martial Salomon

Dirección de arte: Inès De La Bevière

Fotografía: Tom Harari

Música: Olivier Marguerit

Produtoras: FILM-IN-EVOLUTION, Les Productions Balthazar, Bitters End (Francia-Xapón)

Distribuidora: NUMAX Distribución

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA

Black Hair, 2011 [curtametraxe]

Yuki & Nina, 2009

Una pareja perfecta, 2005

A Letter from Hiroshima, 2002

[curtametraxe]

H Story, 2001

M/Other, 1999

2/Dúo, 1997

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2017 (Sección oficial)

«Cunha precisión preto
do milagre. Non diga bela,
repita comigo: belísima»

Luis Martínez, EL MUNDO

SINOPSE

Jean, un nomeado actor de cinema, é convocado a unha rodaxe no sur de Francia, moi preto da casa en que coñeceu na súa xuventude a Juliette, o grande amor da súa vida. Durante un descanso, aproveita para visitar unha amiga e percorrer os espazos de antano. Un grupo de nenos interrompe de súpeto a nostalgia que o axexa: preparan un filme de terror nas súas vacacións e comezan a perseguilo porque queren que Jean o protagonice. Este encontro, entre o que fora protagonista d'*Os 400 golpes* e os seus rebuldeiros sucesores, desencadea un conto fantástico inesperado e revelador bañado polo toque oriental característico do seu autor.



O LEÓN DORME ESTA NOITE

[Nobuhiro Suwa, 2017]

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Restauración

Por Jean-Philippe Tessé

Viva o rei! Deixáramos a Jean-Pierre Léaud sobre un leito de morte, o de Luís XIV, na agonía do Rei Sol filmada por Albert Serra. *A morte de Luís XIV* era tanto un estudo pictórico sobre un corpo deitado, poderoso e moribundo, como unha celebración ambigua do xenial actor e, por tanto, metáfora sórdida sobre a morte do cinema. Disposición mortífera, museo-cinéfilo-fetichista, un crime de *lesa-majestade* que neutralizaba a un Léaud tan maquillado e peiteado como o propio filme. É un pracer volver a Jean-Pierre Léaud n' *O león dorme esta noite*, onde recupera os seus dereitos como actor, que o devolven en pernas, brazos, sorriso, cabelos, miradas. Porén, o filme de Nobuhiro Suwa abre cunha cuestión terríbel: deitado en pixama, o actor Jean confésalle ao director que ten un problema: non sabe interpretar a morte. A está cuestión cada quen terá a súa resposta. O filme responde coa súa luz, unha luz de verán e vacacións na costa sur francesa, á beira do mar azul que enxergamos ao remate das calexas. Jean, cunha sabiduría inventada por el propio explica que a morte é un encontro; o momento máis importante da vida dun home é entre os 70 e os 80 anos porque é a idade na que se prepara para este encontro. Jean-Pierre Léaud, en

palabras de seu pai, o escritor, guionista e dramaturgo Pierre Léaud: «Cómpre camiñar toda a vida, man a man coa morte». Nobuhiro Suwa organiza estes encontros, entre os vivos e os mortos, as pantasmas pequenas e as grandes.

O león dorme esta noite é un filme sobre a morte mais sen ningunha morbilidade. Tampouco amosa ningún fetichismo cinéfilo, a pesar de que realice unha viaxe polo cinema. A gravación de Jean interrompese e o actor aproveita as improvisadas vacacións para visitar unha amiga, Marie, que vive na rexión. Esta amiga está encarnada por Isabelle Weingarten, a inesquecible Gilberte n' *A mamá e a puta* (Jean Eustache, 1973). Mais o encontro, se ben é emocionante, é breve, abortado: «Coido que non é a min a quen viñeches ver», dille Marie a Jean. O filme esquiva o mito, desvíase axiña para se mergullar na ficción que o encontro entre os dous queridos actores deixara suspendida. A quen Jean veu ver realmente é unha persoa morta. Vivía nunha gran casa hoxe abandonada onde Jean queda durmido. Ela aparece de súpeto, con toda a súa xuventude, fráxil Ofelia morta hai corenta anos. O diálogo entre o home vivo e o seu amor fantasma interrompese axiña por unha banda de rapaces que invaden a casa cámara en man para gravar un filme no marco dun curso de verán. A película convértese no guión desta filmación, co intercalado dos diálogos entre o actor e a fantasma. Certo que as intencións e o tema do filme son abondo evidentes, mais iso non importa. O que conta é esa maneira de retomar todo desde cero, ao nivel da infancia,

coa torpeza que podemos ter con 9 ou 12 anos. E o tipo de escoita que isto supón, flotante, entrecortada, precaria, que remite nalgún sentido aos primeiros filmes de Nobuhiro Suwa (*2 / Dúo, M / Other*).

Hai unha emoción verdadeira ao ver a Jean-Pierre Léaud rodeado dun feixe de aprendices de cineastas que, ao descubrir os rudimentos do cinema, afrontan a creación desde cero. O actor, coa súa eterna e inapreixábel estrañeza, encontra unha inesperada pedra de toque cos rapaces axitados (cando gravan o filme) ou fatigados (de volta da expedición no autocar) e evolúe canda eles combinando dozura e distancia, sen xamais ceder a unha tenrura simplificadora. Ademais, é quen de recuperar a pregunta que lle preocupa («como interpretar a morte?») nunha escena á maxestade titubeante, fráxil e sorprendente do actor máis extravagante da historia do cinema. A resposta de Léaud non se di con palabras, senón co seu rostro sobre a cama: para interpretar a morte, para sentir que o encontro con ela se aproxima máis día a día, non hai que pechar os ollos como fan os cineastas sen imaxinación. Compre ollar a cámara que se achega.

Publicado en Cahiers du Cinéma, decembro 2017, nº739

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



distribucion.numax.org/leon
COPRODUCIDA POR Nobuhiro Suwa (SUWA) Jean-Pierre Léaud, Pauline Étienne, Maud Wyler, Arthur Harari, Isabelle Weingarten, Noé Sampa, Jean-Louis Berard, Françoise Michaud, Louis-Do de Lencquesaing, Jules Langlade (SUWA) Nobuhiro Suwa, DIRECTORA DE FICHAJE EN MINORÍA Jean-Pierre Léaud, ASISTENTE DE DIRECCIÓN Tom Harari, ASISTENTE DE DIRECCIÓN Florent Klockenbring, Emmanuel Crosset, ASISTENTE DE DIRECCIÓN Thomas Grézaud, ASISTENTE DE DIRECCIÓN Inés De La Bevière, ASISTENTE DE DIRECCIÓN Martial Salomont, ASISTENTE DE DIRECCIÓN Olivier Marguerit, CO-PRODUCIDA POR Michiko Yoshitake, Jérôme Dopflet, CO-PRODUCIDA POR Yuji Sadai, CO-PRODUCIDA POR Centre National de la Cinématographie et de l'Image Animée, CO-PRODUCIDA POR Région Provence-Alpes-Côte d'Azur, CO-PRODUCIDA POR Département des Alpes-Maritimes, CO-PRODUCIDA POR CNC, CO-PRODUCIDA POR Agency for Cultural Affairs du Góverno de Xapón, CO-PRODUCIDA POR FILM-EN-EVOLUTION, Les Productions Balthazar, Bitters End, CO-PRODUCIDA POR NUMAX Distribution